Traballo de apoio

Unidade 4

1. Que notas caracterizan o Renacemento.

2. Cales son as bases da concepción da vida no Renacemento.

3. Cita algún humanista.

4. Coincidindo co Renacemento pleno (primeira metade do século XVI), que escritores e pintores destacaron?

5. Que descubrimento técnico vai repercutir nunha maior divulgación da literatura?

6. Que autores destacados introducen nas súas respectivas literaturas o soneto de orixe italiana?

7. Cales son as ideas esenciais do texto "A época do Renacemento", de A. Maravall (texto 1 do apartado de Selección de Textos da unidade)?

8. Que idea se destaca no texto "A conciencia dunha revolución intelectual", de E. Garín (texto 2 do apartado de Selección de Textos da unidade)?

9. Cal é o tópico literario que se desenvolve no poema de Joachim du Bellay (texto 3 do apartado de Selección de Textos) e que referencias ao mundo clásico se poden observar?

10. A que sector da sociedade se refire Erasmo (texto 4 do apartado de Selección de Textos)?

Unidade 4. Respostas ao traballo de apoio

1. Destacan un reencontro deliberado e entusiasta coa antigüidade clásica, un rexeitamento dos esquemas e formas do mundo medieval, a consideración do ser humano como centro do universo, e unha visión máis optimista e de confianza que durante a Idade Media.

2. Fundamentalmente, a nova visión do mundo da época renacentista aséntase no antropocentrismo e no humanismo. Supérase, polo tanto a concepción teocéntrica medieval. Así mesmo a *nova ciencia* renacentista (Copérnico, Kepler e Galileo) rexeita o xeocentrismo, e proponse agora un heliocentrismo. Fronte á dedución aristotélica, a nova ciencia parte do valor da experiencia e da indución como método.

3. Case todos os escritores renacentistas poden ser considerados humanistas, pois reúnen as características deste concepto. Mais podemos citar propiamente como tales algúns pensadores: Lorenzo Valla, Pico della Mirandola, Marsilio Ficino, Montaigne…

4. Bembo, Sá de Miranda, Maquiavelo, Erasmo de Rotterdam, Baltasar de Castiglione, Rabelais, etc. entre os escritores. Leonardo da Vinci, Refael ou Miguel Anxo, entre os artistas.

5. A imprenta de Guttenberg, coa súa impresión en 1455 da *Biblia*. A imprenta vai significar unha revolución do mundo literario, da concepción da obra escrita, do campo educativo e a alfabetización, e mesmo vai incidir na propia evolución da escritura. Vai ser esencial o aspecto da recepción da obra impresa, moi diferente a épocas anteriores. Todos estes elementos, entre outros, beneficiarán a maior capacidade de divulgación da cultura e o pensamento.

6. Joachim du Bellay en Francia, Sá de Miranda en Portugal, Garcilaso de la Vega en España, Philip Sidney en Inglaterra.

7. No texto de Maravall, que ten un carácter xenérico sobre a época renacentista, reflexiónase sobre o prevalecemento do individualismo *estrutural*. A idea do antropocentrismo e do humanismo no sentido de concibir como centro das preocupacións e reflexións ao individuo é considerado como algo revolucionario, tan novidoso como o *xiro copernicano* da ciencia moderna. A partir de aí é razonable que a experiencia humana sexa a principal referencia a partir da cal se establece todo, e polo tanto isto supón un anticipo da filosofía de Descartes, o racionalismo cartesiano.

8. Destaca sobre todo a definición dos novos tempos do humanismo e a ciencia, que se dan simultáneos a outras novidades: a imprenta, sobre todo o expansionismo cara a América, etc. Alude á difusión desa nova visión do mundo.

9. Neste soneto, pertencente á obra *As Mágoas (Les Regrets)* de du Bellay, autor francés compoñente do grupo lírico da *Pleiàde*, incítase ao goce da vida. O tópico é polo tanto o clásico *carpe diem* ('aproveita o día'). Aquí dáse un paralelismo cos famosos versos do poeta latino Catulo "*vivamos, miña Lesbia, e amemos…"*. O tópico do *carpe diem*, moi ben usado no tamén poeta latino Horacio, foi moi empregado no Renacemento.

10. Refírese criticamente ao mundo da igrexa e dos seus representantes: teólogos, monxes e Papa. Censura a súa situación e vicios. Un texto moi ousado do reformista Erasmo, que lle causou moitos problemas e persecucións.

.